HISTORIAS DO Último Camiño

vizuals



Xacobeo 21-22

XUNTA DE GALICIA



Contidos

Introdución

"Historias do Último Camiño" é un proxecto interactivo para dar a coñecer a última parte do Camiño de Santiago, desde Santiago a Fisterra, e está composto por unha web cun documental interactivo, redes do proxecto, e xuntanzas cos veciños que se realizaron durante o verán do ano 2021.

Na peza documental o camiñante, Brais Doval, percorre a última ruta do Camiño de Santiago (a que chega a Fisterra), e aproveita para descubrir non só o noso patrimonio natural e arquitectónico, senón tamén aos veciños que fan vida nos lugares polos que pasa o Camiño, e mesmo que aproveitan o Camiño para emprender.



Esta ruta divídese en catro etapas: de Santiago a Negreira, de Negreira a Olveiroa, de Olveiroa a Muxía e de Muxía a Fisterra. Existe tamén unha ruta alternativa que non pasa por Muxía, vai directa "á fin do mundo", pero en "Historias do Último Camiño" Brais decídese polo camiño máis longo. Hai tanto por descubrir!

Durante o percorrido Brais visita lugares de especial interese arquitectónico (igrexas, mosteiros, pontes...) e natural (numerosos altos con vistas incribles, camiños ao lado do mar, vales...), e tamén coñece a moitos veciños que viven e traballan no Camiño. Da súa man, coñecemos o que significa o Camiño para eles e para os peregrinos.

A través das xuntanzas que se celebraron no 2021, e da web co documental interactivo dispoñible para todo o mundo, "Historias do Último Camiño" é un proxecto para dar a coñecer a nosa terra e as nosas historias aos visitantes, pero tamén aos galegos.

O CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago é unha das rutas de peregrinación máis coñecidas do mundo enteiro, e unha das tradicións máis importantes do Cristianismo. Arredor do ano 820 descubriuse a tumba de Santiago o Maior. O rei, Alfonso II, enseguida visita o lugar e manda edificar unha modesta igrexa (que logo foi reconstruida no ano 899 por Alfonso III). Este é o orixe da catedral e da cidade de Santiago de Compostela.

Santiago consolidouse como centro de peregrinación internacional entre os séculos XI e XIII, con miles de peregrinos que chegaban desde diferentes lugares de Europa a pé, a cabalo, en barco... e eran asistidos por unha ampla rede de hospitais que fundaron reis, nobres e burgueses arredor do Camiño. Desde entón, superando épocas difíciles como a Guerra dos Cen Anos ou a Peste Negra, o Camiño persistiu, e medrou. Na última década, o número de peregrinos que chega a Compostela cada ano ronda os 300.000. Veñen a pé, en bicicleta, a cabalo e mesmo a vela. E chegan desde todas partes do mundo. Como dato curioso, no ano 2018 chegaron peregrinos de máis de 170 países!



Existen varias rutas recoñecidas do Camiño de Santiago. A máis percorrida, sen dúbida, é o Camiño Francés (que trae, cada ano, a máis do 50% dos peregrinos). Sígueno o Camiño Portugués, o Camiño do Norte, o Camiño Primitivo, o Camiño Inglés, o Camiño Portugués da Costa, a Vía da Prata, o camiño a Muxía ou Fisterra (o noso protagonista!) e por último, o Camiño de Inverno.

Como din algúns, hai tantos Camiños como peregrinos, porque cada quen ten unha motivación diferente, e iso tamén cambia a ruta. Sexa como sexa, o Camiño é unha aventura que paga a pena vivir, porque está cheo de lugares e de persoas por descubrir. Bo Camiño!


UNIDADE 0

Os camiños de Santiago

Rutas


EXERCICIO 1

Brais escolleu percorrer a ruta “final”, a que une Santiago con Fisterra. Pero, para chegar a Santiago de Compostela, en Galicia hai moitas rutas alternativas, que podes ver no seguinte mapa. Indica o nome de cada un destes Camiños (ex: Camiño Primitivo).



EXERCICIO 2

Tal como fixeches no exercicio anterior, indica o nome de cada un dos Camiños que poden escoller os peregrinos para chegar a Compostela dentro da nosa península.



EXERCICIO 3

No "último Camiño" viaxamos de Santiago a Fisterra. Axudándote dos mapas da web, nos que se indican os lugares polos que pasa cada etapa, indica os Concellos que atravesa Brais Doval no seu percorrido.

____

____


____

____

____

EXERCICIO 4

Os Camiños de Santiago percorren a península ibérica pasando por moitas vilas coñecidas. Averigua o nome dos lugares sinalados no seguinte mapa e, axudándote do mapa do exercicio 2, indica en que Camiño se atopan.



1. ______________________
2. ______________________
3. ______________________
4. ______________________
5. ______________________
6. ______________________
7. ______________________
8. ______________________
9. ______________________
10. ______________________
11. ______________________
12. ______________________
13. ______________________

Lingua

EXERCICIO 1

Cal é a orixe do topónimo “Finisterre”? Averigua a súa etimoloxía.

EXERCICIO 2

Cal é a orixe do nome “Santiago”? Averigua a súa etimoloxía.

EXERCICIO 3

O “Caderno de Fabio” relata as experiencias de Fabio, un rapaz que comeza o Camiño de Santiago cando a súa tía falece e pide un último desexo*.

A continuación podes atopar o comezo desta historia. Podes incluír as tiles que faltan?

*Se desexas ler a historia completa, escanea o código QR.



Ola, querida tia Avelina. De novo coa mochila e o caderno a punto de sair de viaxe que, como sabes, e o que mais me gusta no mundo. O meu pai quixo facer de min un “home de ben”, medico como o avo ou enxeñeiro coma el, pero ti sempre respetaches que eu fose diferente ao resto da familia (papa prefire dicir “ovella negra”), ti chamabasme “espiritu libre”. Que pena que nunca chegasemos a facer xuntos os viaxes que planeamos... Non me vou poñer tiste.

O que mais che gustou sempre foi ver a xente rir, e eu teño por costume facelo polo menos tres veces o dia. Como agora, ao acordarme da cara que puxo tia Encarnacion cando no teu testamento leron que a fortuna lla deixabas ao "bala perdida" de Fabio (e dicir, a min). E peor ainda, coa única condición de que viaxase por todo o mundo e che escribise un caderno con todos os detalles para deixarcho, ao final de cada viaxe, baixo o roble onde esparcimos as tuas cinzas. "son tal para cal" dixo papa e marchou dando un portazo.

EXERCICIO 4


Ao longo de "Historias do Último Camiño" escoitamos moitas expresións propias da zona pola que camiñamos (gheada, seseo, "estón" en lugar de "estou"...). Como sabes, en Galicia hai trazos dialectais que varían dunha zona a outra.
Nos seguintes mapas, coloca na área que corresponda as palabras destacadas.




gheada /ħ/ - /g/
galo
ghalo



distinción /s/-/θ/
seseo explosivo
sinco
cinco



distinción /s/-/θ/
seseo implosivo
des
dez



variación morfolóxica
terminacións latinas –anum, -anam
irmán / irmá
irmán / irmán
irmao / irmá



variación morfolóxica
plural agudas rematadas en -n
pantalóns
pantalós
pantalois

A peregrinación

EXERCICIO 1

Cal é o significado da palabra "peregrinación"?

____

____

____

EXERCICIO 2

A peregrinación cara Santiago de Compostela forma parte da relixión cristiá, ao igual que a peregrinación a Xerusalén ou a Roma. Outros tres lugares de peregrinación moi importantes no mundo son A Meca, o Muro das Lamentacións e Varanasi. Poderías averiguar onde se atopan, e para que relixión son lugares santos?

____

____

____

EXERCICIO 3

Atendendo ao que traballamos nesta unidade didáctica, e ao documental de "Historias do Último Camiño", indica cales das seguintes afirmacións son verdadeiras, e cales falsas. Se son falsas, corríxeas.

1. A ruta entre Santiago e Fisterra que percorre Brais Doval divídese en 3 etapas.

V ☐ F ☐ ______________________________

2. O Camiño de Santiago ten como obxectivo Compostela, onde se atopa a tumba de Alfonso II.

V ☐ F ☐ ______________________________

3. A ruta máis percorrida polos peregrinos é o Camiño Francés.

V ☐ F ☐ ______________________________

4. Cada ano chegan a Santiago de Compostela arredor de 150.000 peregrinos.

V ☐ F ☐ ____________________

5. O Camiño Primitivo comunica a cidade de Oviedo con Santiago de Compostela.

V ☐ F ☐ ____________________

6. Saint Jean-Pied-de-Port, Logroño e Burgos son algúns dos lugares polos que pasa o Camiño Francés.

V ☐ F ☐ ____________________

7. A Fisterrana é un documento expedido no Albergue Municipal de Fisterra e precisa os selos de Negreira, Olveiroa e Malpica.

V ☐ F ☐ ____________________

UNIDADE 1

Santiago - Negreira

Ficha da etapa

EXERCICIO 1

Despois de ver o vídeo da etapa Santiago-Negreira, completa a seguinte ficha.

Nº Etapa: ______ De ____________________ ata ____________________

km totais: ____________ Pasamos por: ____________________________

____

____

____

Breve resumo da aventura de Brais: ______________________________

____

____

____

____

____

EXERCICIO 2

Completa a seguinte táboa dos lugares de interese da Etapa 1. Podes buscar información na web de Historias do Último Camiño.

Lugar de interese	**Concello**	**Destaca por...**
Catedral de Santiago		
Baixo do Sarela		
Ponte dos Roxos		
Augapesada		

Lugar de interese	Concello	Destaca por...
Alto do Mar de Ovellas		
Trasmonte		
Ponte Maceira		

Patrimonio

EXERCICIO 1

Vincula o lugar de interese coa súa característica.

Praza do Obradoiro ●	● Nesta aldea hai unha ponte que vai dar... a ningunha parte!
Baixo do Sarela ●	● Este lugar está dividido en dous polo río Tambre.
Augapesada ●	● É o último punto do Camiño dende o que se ve a Catedral.
Ponte Maceira ●	● Nel atópase a igrexa barroca de Santa María.
Trasmonte ●	● O seu nome ven dos talleres de canteiros que se instalaron na praza para construir a fachada da Catedral.

EXERCICIO 2

Indica cales das seguintes afirmacións son verdadeiras, e cales falsas. Se son falsas, corríxeas.

1. O Camiño que pasaba pola ponte de Ponte Maceira chamábase “O Camiño Real”

V ☐ F ☐ ____________________

2. O Pousadoiro dos cruceiros estaba destinado a deixar o Santo durante as procesións.

V ☐ F ☐ ______________________________

3. A Barrosa, a Vianesa, a Dexter e a Sayaguesa son razas de vacas en perigo de extinción.

V ☐ F ☐ ______________________________

4. A ponte de Ponte Maceira era o principal paso do Tambre que unía Santiago coa Costa da Morte.

V ☐ F ☐ ______________________________

5. En Negreira atópase a estatua en homenaxe ao emigrante e ao labrego.

V ☐ F ☐ ______________________________

Lingua

EXERCICIO 1

No Camiño que une Santiago con Negreira, atopamos moitas aldeas con nomes ben curiosos e definitorios, como Trasmonte ou Augapesada.

Trasmonte está composto dunha preposición (tras) e dun substantivo (monte), e Augapesada dun substantivo (auga) e un adxectivo (pesada). Tira de imaxinación, e inventa 10 nomes de lugares seguindo estas dúas estruturas.

preposición + substantivo	substantivo + adxectivo

EXERCICIO 2

E se seguimos estudando os topónimos desta zona, atopamos algúns zootopónimos como o Mar de Ovellas, outros que fan referencia a elementos importantes da zona, como Ponte Maceira (pola ponte) ou Trasmonte (pola súa ubicación)... Nos topónimos galegos, abundan tamén aqueles que se refiren a edificacións (p.ex: Eirexafeita), aqueles baseados en nomes e apelidos (San Clemente, Sanromán...), os que falan de profesión (Ferreiros, Zapateiros...)...Enumera tres topónimos que coñezas e explica o seu significado.

- ____
  ____
- ____
  ____
- ____
  ____

Hoxe descubrimos...

A MÚSICA TRADICIONAL


EXERCICIO 1

En Augapesada, Isaura e As Maianas cantan e bailan "A saia da Carolina", unha canción tradicional galega que todos coñecemos. Completa a letra!

A ____________ da Carolina
ten un _______________ pintado,
cando a Carolina baila,
o ______________ move o ____________.
Bailaches, Carolina?
Bailei, si____________!
Dime con quen bailaches?
Bailei co meu _________.

EXERCICIO 2

Os dous instrumentos máis recoñecidos da nosa música tradicional son as pandeiretas e as gaitas. Nomea as partes de cada unha delas!



EXERCICIO 3

Sitúa no mapa, nas comunidades correspondentes marcadas en cor, outros bailes e músicas tradicionais en España.

1. Isa
2. Muiñeira
3. Sevillana
4. Danza Prima
5. Sardana
6. Aurresku
7. Chotis
8. Jota
9. Seguidilla



Hora de reflexionar

Cando Brais di que é ben curioso ver unha ponte que non vai a ningún lado (en Augapesada), Isaura contéstalle coa particular retranca galega: "e a onde vai un vello cando morre?".

EXERCICIO 1

Busca tres relixións que teñan diferentes teorías sobre o que hai despois da morte.

EXERCICIO 2

É hora de debater! E vós, que credes que hai despois da morte? Coa axuda do profesor, debatide en clase expoñendo os vosos argumentos de forma ordeada.

UNIDADE 2

Negreira - Olveiroa

Ficha da etapa

EXERCICIO 1

Despois de ver o vídeo da etapa Negreira-Olveiroa, completa a seguinte ficha.

Nº Etapa: ______ De ____________________ ata ____________________

km totais: __________ Pasamos por: ____________________________

____

____

____

Breve resumo da aventura de Brais: ______________________________

____

____

____

____

____

EXERCICIO 2

Completa a seguinte táboa dos lugares de interese da Etapa 2. Podes buscar información na web de Historias do Último Camiño.

Lugar de interese	Concello	Destaca por...
Negreira		
San Mamede de Zas		
Santa Mariña das Maroñas		

Lugar de interese	Concello	Destaca por...
A Picota		
Alto do Corzón		

Patrimonio

EXERCICIO 1

Vincula o lugar de interese coa súa característica.

Pazo do Cotón ●	● Capital do Concello de Mazaricos.
A Casa Vella ●	● Santuario románico do Concello de Mazaricos.
Sta. María das Maroñas ●	● Albergue situado na aldea de Vilaserio.
A Picota ●	● Fortaleza medieval situada na vila de Negreira.
Olveiroa ●	● Aldea de 80 persoas cunha grande infraestructura peregrina.

EXERCICIO 2

Indica cales das seguintes afirmacións son verdadeiras, e cales falsas. Se son falsas, corríxeas.

1. O “botijo” navarro que merca Brais é unha peza de alfarería, feita a man, en torno.

V ☐ F ☐ ____________________

2. Dous símbolos históricos da vila de Negreira son a Capela de San Mauro e o Pazo do Cotón.

V ☐ F ☐ ____________________

3. Na aldea do Cornado situouse un dos campamentos celtas máis grandes de toda Galicia.

V ☐ F ☐ ______________________________

4. Santa Mariña é patroa das vacas parideiras.

V ☐ F ☐ ______________________________

5. En Ponte Olveira tivo lugar no século XIX unha batalla contra o exército de Felipe V.

V ☐ F ☐ ______________________________

Lingua

EXERCICIO 1

Brais merca, ao saír de negreira, unha ola de barro, á que tamén lle podemos chamar "cántaro" ou mesmo "cabazo"! Relaciona cada vocábulo da columna da esquerda co seu sinónimo da dereita.

Pota ●	● Tapadeira
Cullerón ●	● Tenaces
Testo ●	● Funil
Pinzas ●	● Sartaña
Tixola ●	● Cazo
Embude ●	● Cazola

EXERCICIO 2

Miguel, da granxa Germiar Xallas, ten varias picadoras de forraxe. Buscando nun diccionario, dá unha definición para esta palabra.

____

____

____

EXERCICIO 3

Mentres Brais fala con Miguel, as vacas brúan de fondo. Asocia os animais da esquerda coas súas voces.

Abella ●	● Cantar
Año ●	● Grallar
Burro ●	● Asubiar
Cabalo ●	● Ornear
Serpe ●	● Zoar
Galo ●	● Mear
Galiña ●	● Chiar
Paxaro ●	● Cacarexar
Parrulo ●	● Rinchar
Rato ●	● Piar

Hoxe descubrimos...

A GASTRONOMÍA GALEGA

EXERCICIO 1

Angelita e Esther prepáranlle a Brais un delicioso "bolo do pote", típico de Mazaricos. Completa a receita!


Palabras: rustrido, touciño, graxa, tixola, millo, cocido, masa

Nunha ____________ cun pouco de aceite, botamos anaquiños de ___________ e de cebola e cociñamos ata facer un ____________, deixando que o touciño bote ben a ____________. Nun recipiente, botamos a fariña de _________ e imos botando a auga do cocido ata obter unha ___________ que nos permita traballala ben. Aplanámola, metemos no medio o rustrido que preparamos, e formamos bolas. Cocémolas na auga do ___________.

EXERCICIO 2

O bolo do pote preparábase con fariña de millo nas épocas nas que o trigo escaseaba. Saberías dicir cal é cada un dos seguintes cereais que se cultivan en Galicia?

centeo trigo millo cebada







______ ______ ______ ______

EXERCICIO 3

Nos lugares indicados no mapa celébranse festas gastronómicas. Indica a que produto corresponde cada unha.



______ Androlla
______ Polbo
______ Ameixa
______ Empanada
______ Pan
______ Marisco
______ Castaña
______ Bonito
______ Percebe
______ Botelo
______ Cocido
______ Lamprea
______ Melindres

Hora de reflexionar

Cando Brais visita a granxa de Mazaricos, un Concello con 3 vacas por habitante, defíneo como "a capital láctea galega". E é que Galicia foi tradicionalmente unha terra moi vinculada á agricultura e á gandería, e concellos como o de Mazaricos seguen dependendo en gran parte destes sectores.

EXERCICIO 1

Cita tres lugares que coñezas nos que siga habendo gandeiría e investiga: son Concellos con moita poboación? Teñen grandes cidades cerca?

____

____

____

EXERCICIO 2

É hora de debater! Cales credes que foron os sectores económicos máis importantes en Galicia na época dos nosos avós? De que se vivía? E na actualidade? Coa axuda do profesor, debatide en clase expoñendo os vosos argumentos de forma ordeada.

UNIDADE 3

Olveiroa - Muxía

Ficha da etapa

EXERCICIO 1

Despois de ver o vídeo da etapa Olveiroa-Muxía, completa a seguinte ficha.

Nº Etapa: ______ De ____________________ ata ____________________

km totais: __________ Pasamos por: ____________________________

____

____

____

Breve resumo da aventura de Brais: ____________________________

____

____

____

____

____

EXERCICIO 2

Completa a seguinte táboa dos lugares de interese da Etapa 3. Podes buscar información na web de Historias do Último Camiño.

Lugar de interese	Concello	Destaca por...
Olveiroa		
Alto da Pedra do Brazal		
Dumbría		

Lugar de interese	Concello	Destaca por...
Trasufre		
S. Martiño de Ozón		
Mosteiro de Moraime		
Parador de Muxía		

Patrimonio

EXERCICIO 1

Vincula o lugar de interese coa súa característica.

Espiñeirido ●	● Nesta aldea hai un hórreo de 22 pares de pés e 27 metros de longo.
Pedra Cabalgada ●	● Formou parte dun antiguo mosteiro benedictino.
Fonte Santa ●	● Praia con vistas á ría de Camariñas.
San Martiño de Ozón ●	● Formación rochosa moi particular do Concello de Dumbría.
Igrexa de San Martiño ●	● Está situada nas proximidades da ermida da Nosa Señora do Espiño.

EXERCICIO 2

Indica cales das seguintes afirmacións son verdadeiras, e cales falsas. Se son falsas, corríxeas.

1. Brais sae de Olveiroa cruzando entre o Rego do Paso e o de Santa Lucía.

V ☐ F ☐ ____________________

2. A aldea de Hospital ten o seu orixe no século VII, no que se fundou alí un hospital de peregrinos.

V ☐ F ☐ ______________________________

3. Despois de pasar por Hospital Brais ten que decidir se continuar cara Laxe ou cara Fisterra.

V ☐ F ☐ ______________________________

4. A Nosa Señora do Espiño é avogosa na cura das afeccións cutáneas.

V ☐ F ☐ ______________________________

5. No mosteiro de San Xiao de Moraime hai pegadas romanas, celtas e visigóticas.

V ☐ F ☐ ______________________________

Lingua

EXERCICIO 1

Suliña o suxeito das seguintes oracións

Arranca un novo día xusto no ecuador desta aventura.

A ver que nos depara esta terceira etapa!

Di César que é un paseíño e que non che leva nada.

O Atlántico recíbenos na praia de Espiñeirido.

Ti ves moi mal físicamente para ser un peregrino.

Lucía resólveche calquera dúbida que teñas do Camiño.

A súa festa celébrase o 10 de decembro.

O camiño debe ter dez anos ou menos.

EXERCICIO 2

Reescribe as seguintes frases poñendo en plurar os substantivos e adxectivos. Ás veces, para que manteña o sentido, tamén terán que mudar outras palabras.

A Pedra Cabalgada é unha formación moi curiosa.

____

Cal será a pregunta que máis lle fan os peregrinos?

Din que a Santa é avogosa na cura das afeccións cutáneas.

Cando chegan á fonte, mollan o pano e pásano pola cara.

Esta muller non só é palilleira. Tamén é a enfermeira e a psicóloga do Camiño.

Hoxe descubrimos...

OS REFRÁNS

EXERCICIO 1

Ao ver a Igrexa de Santa Baia, Brais cita un refrán moi curioso: “Sementeira na semana de San Román, nin palla nin gran. Sementeira na semana de Santa Baia, gran e máis palla?” Poderías buscar a que datas concretas fai referencia?

EXERCICIO 2

Son moitos os refráns na nosa lingua que fan referencia ás colleitas. Poderías explicarnos o significado dos seguintes?

Navidade en venres, sementa onde puideres; Navidade en domingo, vende os bois e bótao en trigo.

Tantos allos perde o alleiro como días pasen de xaneiro.

O que queira comer patacas polo san Xoan, bóteas canda o pan.

EXERCICIO 3

Bótalle imaxinación e inventa 3 refráns sobre os seguintes temas: estudar, as amizades, a familia. Lembra que deben rimar!

Hora de reflexionar

Unha das empregadas de hostelería da zona di nesta etapa que antes os peregrinos viñan por facer o Camiño espiritual, e que agora veñen por Turismo.

EXERCICIO 1

Enumera 3 motivos que poden ter os peregrinos para facer o Camiño.

EXERCICIO 2

É hora de debater! E ti? Farías o Camiño? Por que? Só ou acompañado? Que Camiño farías? Coa axuda do profesor, debatide en clase expoñendo os vosos argumentos de forma ordeada.

UNIDADE 4

Muxía - Fisterra

Ficha da etapa

EXERCICIO 1

Despois de ver o vídeo da etapa Muxía-Fisterra, completa a seguinte ficha.

Nº Etapa: ______ De ____________________ ata ____________________

km totais: __________ Pasamos por: ____________________________

____

____

____

Breve resumo da aventura de Brais: ______________________________

____

____

____

____

____

EXERCICIO 2

Completa a seguinte táboa dos lugares de interese da Etapa 4. Podes buscar información na web de Historias do Último Camiño.

Lugar de interese	Concello	Destaca por...
Muxía		
Xurarantes		
Facho Lourido		

Lugar de interese	Concello	Destaca por...
Lires		
Duio		
Fisterra		

Patrimonio

EXERCICIO 1

Vincula o lugar de interese coa súa característica.

Muxía ●	● Atópase equidistante de Fisterra e de Muxía.
Santuario da Barca ●	● O seu nome vén dos antigos lumes para guiar aos barcos.
Facho Lourido ●	● Punto segredo do encontro dos namorados.
Fonte do Bico ●	● Naceu dos restos da embarcación de Pedra na que chegou a Virxe.
Buxán ●	● Nela atópase os únicos secadoiros de congro da península.

EXERCICIO 2

Indica cales das seguintes afirmacións son verdadeiras, e cales falsas. Se son falsas, corríxeas.

1. En Muxía celébrase cada ano unha festa gastronómica do polbo.

V ☐ F ☐ ______________________________

2. Para curar os cadrís, en Muxía hai que pasar sete veces baixo a pedra co mesmo nome.

V ☐ F ☐ ______________________________

3. As primeiras casas rurais de España naceron na aldea de Guisamonde.

V ☐ F ☐ ______________________________

4. En Duio atópase a igrexa barroca de San Martiño.

V ☐ F ☐ ______________________________

5. A de Fisterra foi a segunda lonxa turística de Galicia.

V ☐ F ☐ ______________________________

Lingua

EXERCICIO 1

Moitos dos peixes que vemos na lonxa e que pescan os nosos barcos, móvense en "bancos" (conxunto de peixes dunha mesma especie que van xuntos en gran número, como as sardiñas ou os atúns.). Sen embargo, un "banco" tamén é un asento, unha mesa de carpinteiro, unha entidade financiera... Banco é unha palabra polisémica (ten múltiples significados). A continuación temos outras tres palabras polisémicas. Busca os seus significados, e constrúe unha frase usando cada un deles.

Bota

____

____

Tenda

____

____

Pote

____

____

____

EXERCICIO 2

Son moitos os poetas e escritores que falan do mar galego. Entre eles, cabe destacar o libro “De catro a catro”, de Manuel Antonio. Son 19 poemas que reflicten unha travesía marítima. O máis coñecido, “Sos”, podes lelo a continuación. Subliña nos versos todas as palabras agudas.

Fomos ficando sós
o Mar o barco e mais nós.

Roubaron-nos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco

Roubaron-nos o vento
Aquel veleiro que se evadeu
pol-a corda floxa d' o horizonte

Este oucéano desatracóu d'as costas
e os ventos d' a Roseta
ourentaron-se ao esquenzo
As nosas soedades
veñen de lonxe
como as horas d' o reloxe
Pero tamén sabemos a maniobra
d' os navíos que fondean
a sotavento d' unha singladura
N-o cuadrante estantío d'as estrelas
ficou parada esta hora:
O cadavre d'o Mar
fixo d'o barco un cadaleito

Fume de pipaSaudade
NoiteSilenzoFrío
E ficamos nós sós
Sin o Mar e sin o barco
nós.

Hoxe descubrimos...

OS REFRÁNS

EXERCICIO 1

Manolete, o Patrón Maior da Lonxa de Fisterra, di que a esta lonxa "chega de todo o que hai no mar". Saberías relacionar as imaxes destes peixes co seu nome?






- Xurelo
- Pescada
- Rodaballo
- Xarda

EXERCICIO 2

Na pesca tradicional, empréganse numerosas artes e aparellos de pesca. Completa a definición destes tres aparellos e fai un boceto de cada un deles.

Nasa

____

____

____

____

Palangre

Trueiro

Hora de reflexionar

Manolo, o responsable do Museo da Pesca de Fisterra, di que teñen tres obxectivos principais: conservar o patrimonio, divulgar e dignificar o traballo da xente do mar.

EXERCICIO 1

Cita outros 4 oficios, tradicións... que estén a perderse e que mereza a pena conservar e divulgar.

EXERCICIO 2

É hora de debater! Por que cres que é preciso, como di Manolo, divulgar e dignificar o traballo da xente do mar? Cres que estamos a deixar de valorar traballos que tiñan moito mérito? Estamos a perder a memoria? Coa axuda do profesor, debatide en clase expoñendo os vosos argumentos de forma ordeada.